



XUNTA DE GALICIA



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA(VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA-SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO PARA O IMPULSO DA IGUALDADE E DA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO DO DEPORTE EN GALICIA

Santiago, 14 de novembro de 2018

REUNIDOS

DUNHA PARTE: Don Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia

DOUTRA: Don Francisco Martín Micó, Presidente da Federación Galega de Baloncesto, que actúa en nome e representación desta, en virtude do establecido no artigo 65 e seguintes dos seus Estatutos e segundo o seu nomeamento pola Asemblea Xeral extraordinaria da Federación.

Todas as partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas e,



XUNTA DE GALICIA



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

MANIFESTAN

I. Que O artigo 9.2 da Constitución do 1978 menciona que “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

II. Que a Xunta de Galicia ostenta competencias para impulsar actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

III. Que a Federación Galega de Baloncesto ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento do seus fins e xurisdición en asuntos da súa competencia no ámbito ca CCAA de Galicia, e ostenta a representación oficial da modalidade do baloncesto e das súas distintas disciplinas e especialidades en Galicia. Entre as súas función atópanse as de colaborar coas Administracións Públicas na promoción deste deporte, así como na prevención da violencia no deporte.

IV. Que a Lei 3/2012, do 2 de abril do deporte de Galicia establece o dereito de toda a cidadanía a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha (artigo 3 letra a), así como a integración, no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, da



XUNTA DE GALICIA



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes, evitándose calquera elemento de discriminación directa ou indirecta (art. 5.3).

V.- Que os dereitos e principios relativos á igualdade, seguridade, liberdade integridade e dignidade de todos os seres humanos están amplamente consensuados pola Orde Xurídica Internacional.

VI.- Que o baloncesto, como todos os deportes en xeral, desempeñan un papel importante no desenvolvemento da sociedade e grazas ao seu potencial educativo, é preciso aproveitar e orientar esta influencia cara á consecución da tolerancia, da igualdade e da non violencia como valores que marquen o camiño a seguir, tanto na sociedade en xeral como no mundo do deporte. A actividade deportiva practicada de forma xusta e equitativa enriquece a sociedade, ofrece a oportunidade a quen a practica de coñecerse mellor, de expresarse, de conseguir éxitos persoais, de adquirir habilidades e de demostrar as súas capacidades. A actividade física e o deporte, contribúen, por tanto, ao desenvolvemento individual e da comunidade, fomentando a participación, a integración e a responsabilidade na sociedade.

VII.- Que o Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de todos e todas na vida política, económica, cultural e social.

VIII.- Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres constitúe a mais clara manifestación das desigualdades que persisten entre mulleres e homes, constituíndo un atentado contra o dereito á vida, á seguridade e á liberdade, á



XUNTA DE GALICIA



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade mais xusta e igualitaria.

IX.- Que compete aos poderes públicos a loita para a prevención e erradicación de todas estas manifestacións de violencia, coa obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

X.- Que resulta fundamental coordinar todos os recursos dirixidos a sensibilizar a toda a sociedade na loita e prevención da violencia de xénero sendo o ámbito do deporte un actor principal na loita contra a violencia machista pola grande difusión dos seus eventos, a súa influencia e súa proximidade á cidadanía.

XI.- Que a Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece que "o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia na materia obxecto desta Lei"

Por todo o indicado, as partes que interveñen e na representación que ostentan,

ACORDAN



XUNTA DE GALICIA



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

Primeiro

O obxecto do presente Acordo é impulsar a igualdade entre mulleres se homes e traballar na loita contra a violencia de xénero, no ámbito do baloncesto en Galicia

Segundo

A Federación Galega de Baloncesto e a Xunta de Galicia colaborarán na consecución dos seguintes obxectivos:

- Mobilizar e implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero, fomentando unha actitude crítica, solidaria e comprometida fronte a situacións de maltrato.
- Fomentar o trato igualitario entre mulleres e homes.
- Conseguiar a tolerancia cero coas persoas agresoras.
- Incluír nas políticas de xestión da actividade física e o deporte en xeral e do baloncesto en particular, o principio democrático de igualdade de xénero, garantindo unha participación na que mulleres e homes desempeñen as súas funcións e elixan os seus camiños libremente e en igualdade de condicións.
- Incrementar e fomentar a concienciación e a sensibilización fronte á violencia de xénero, promovendo a aplicación de accións para previr a violencia contra as mulleres e o acoso sexual no ámbito deportivo.
- Fomentar a difusión de campañas e recursos existentes no ámbito da violencia de xénero e promover o valor igualitario de todas as persoas, independentemente dos antecedentes sociais e sen distinción de sexo, orixe étnica, relixión e outras crenzas, orientación sexual, deterioro da capacidade funcional, así como promover a coeducación, a integración e a solidariedade
- Formar con perspectiva de xénero e en igualdade de oportunidades as persoas profesionais da actividade física e do deporte en todos os niveis educativos e



XUNTA DE GALICIA



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

profesionais co fin de promover a incorporación de rapazas e rapaces a todo tipo de actividade deportiva sen estereotipo de xénero.

- Substituír a violencia polo diálogo na resolución de conflitos, establecendo accións formativas que integren o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero e do acoso sexual no ámbito deportivo.

Terceiro

A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Baloncesto, de cara a conseguir unha maior efectividade dos recursos utilizados, procurarán desenvolver conxuntamente accións de:

Sensibilización e prevención: Ao obxecto de contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, desenvolveranse acción de carácter educativo, social e lúdico que contribúan a espertar a análise crítica, solidaria e comprometida na poboación, e a previr comportamentos violentos.

Formación: Ao obxecto de sensibilizar e capacitar tanto a profesionais do ámbito deportivo, deseñarse e poranse en marcha accións formativas especificamente dirixidas á prevención e erradicación da violencia de machista.

Cuarto

A Xunta de Galicia establecerá nas súas axudas aos clubs deportivos e ás agrupacións deportivas escolares de Galicia, a inclusión de actuacións realizadas por estas entidades no ámbito da igualdade e a prevención da violencia de xénero, como criterio obxectivo



XUNTA DE GALICIA



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

de baremación na consecución de axudas e subvencións e nos termos que se determinen en cada convocatoria.

Quinto

A Federación Galega de Baloncesto comprométese a difundir, promover e potenciar o contido deste Acordo entre todas as entidades e clubs aos que representa.

Sexto

A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Baloncesto crearan unha comisión mixta para o seguimento deste Acordo de colaboración, que estará integrada polo persoal da Xunta de Galicia: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría xeral da Igualdade) e da Federación Galega de Baloncesto que se determine.

Sétimo

O presente Acordo producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2018, e prorrogarase tacitamente salvo que medie denuncia expresa dalgunha das partes.

De conformidade con todo o anterior, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN
GALEGA DE BALONCESTO

Alfonso Rueda Valenzuela

Francisco Martín Micó



XUNTA DE GALICIA



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO